



NOVAS / INICIATIVAS

POLAFÍA no Pazo de Tor

Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos)

Sábado, 22 de outubro de 2011, ás 6 da tarde.

¡Ouh, Casa de Tor,

onde eu soupen o que era vivir nun pazo!

Novoneyra

Música, contos, cantos e memoria das tradicións do propio pazo, dos arredores e dos concellos veciños.

Coa participación de Mini e Mero, O Trícole, Isidro Novo, Alfonso Campos, Ángeles Rivada González, Antonio Eirexe, Marisa Álvarez, Xosé Lois García, Encarna Lago e moitas veciñas e veciños da contorna co seu saber contar e cantar.

ENTRADA DE BALDE

Colaboran:

Rede Museística da Deputación de Lugo

Asociación Cultural O Colado do Vento (Sober)

Patrocina:

Vicepresidencia primeira, Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo

Que son as polafías? Unha aposta da AELG a prol da literatura galega de tradición oral.

As polafías son un proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coordinado polo vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, e que conta coa colaboración de diversas asociacións e co

patrocinio de institucións públicas.

A palabra polafía é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego. O termo polafía quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos. A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio.

O formato das polafías require a presenza dun mantedor, divulgador ou especialista que introducirá e comentará as principais características das pezas e xéneros literarios amosados, dun recitador de poesía anónima ou de autor de feitío popular; dun músico, que interpretará romances, coplas ou cantares de raiceiras tradicionais. Sen embargo, o elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constituiráno os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores...etc, veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolva a polafía, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber.

O que suceda nas polafías será gravado e logo difundido a través da web da AELG. As polafías teñen unha duración aproximada de 90 minutos.

► [Enlace web AELG: Vídeos das POLAFÍAS.](#)



Asociación de
escritores
en lingua galega
www.aselg.org

POLAFÍA



Museo Pazo de Tor

TOR (MONFORTE DE LEMOS)

SÁBADO, 22 DE OUTUBRO, ÁS 6 DA TARDE

*„Cada Casa de Tor
está en augas e que en casa vive paz!“*
Francisco

**Música, contos, canción e memoria
das tradicións do propio pazo
e das arredores.**

Con participación: Mair e Mair, O Tikof, Ildio Novo, Alfonso Campos, Ángel
Bosch González, María Brea, Antonio Eiroa e outras voces e vidas da tradición
orixinal da contaría e canción.

ENTRADA DE BALDE

